

CURSO

# APLICACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS PARA A XESTIÓN DE CENTROS DE DÍA DESDE UN MODELO DE ATENCIÓN CENTRADO NA PERSOA

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivo.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario .....	4
7) Metodoloxía.....	5
8) Avaliación .....	6
9) Docencia .....	6

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

## 1. RESUMO DO CURSO



100 horas



Online



Do 2 de maio ao 31 de xullo de 2023



**Colexiados/as:** ~~110€~~, agora 55€  
**Non colex.:** ~~150€~~, agora 110€

## 2. FUNDAMENTACIÓN

A Atención Centrada na Persoa (ACP) é un enfoque que **prioriza ao ser humano** defendendo os seus dereitos e a súa autodeterminación; é unha forma de “mirar” á persoa que a recoñece como axente activo con capacidade para decidir sobre si mesma (Martínez, Díaz-Veiga, Sancho y Rodríguez, 2014). É, do mesmo xeito, unha **atención profesionalizada** que busca a calidade de vida das persoas que necesitan coidados, dando **prioridade ao respecto a súa individualidade, ao seu modo de vida e ás súas preferencias** (Martínez, 2016).

Os Centros de Día son recursos de apoio as persoas e as súas familias para a continuidade na súa contorna cando se precisan apoios por unha situación de dependencia sobrevida. En consecuencia, se desde este servizo se quere ofrecer unha atención personalizada centrada na autonomía das persoas como capacidade para exercer o control do seu proxecto de vida é fundamental que se realice o acompañamento desde a óptica deste novo modelo que supera aspectos organizativos para xirar en torno a cada persoa e, polo tanto, é necesario superar as barreiras de modelos antigos de apoio e buscar formas prácticas e operativas de converter en realidade estas premisas de dereitos ás que insta a OMS.

## 2. OBXECTIVOS

- Ser capaz de aprender aspectos relacionados co concepto do modelo de ACP e diferencialo doutros modelos de atención.
- Coñecer o concepto de calidade de vida e como aplicar o modelo ACP en centros de día para conseguilo.
- Ser capaz de identificar os principios e criterios na atención integral centrada na persoa en situacións de dependencia.
- Coñecer e desenvolver estratexias metodolóxicas na xestión de centros de día orientados a ACP.
- Identificar sistemas de avaliación do modelo de ACP nun centro de día e saber desenvolver boas prácticas nesta dirección.

## 3. CONTIDOS

### **Módulo 1. Introducción ao Modelo de Atención Centrado na Persoa e Calidade de Vida. Marco conceptual. (10h)**

- O concepto de calidade de vida.
- Calidade de vida e demencia.

### **Módulo 2. Cambio de paradigma nos centros. (10h)**

- Comparativa Modelo ACP (Atención centrada na persoa) -MCS (Modelo centrado no servizo).
- Decálogo da Atención Centrada na persoa.

### **Módulo 3. A importancia do cambio de modelo. (10h)**

- Que plantexarse antes da implantación: tempos, sensibilización ao cambio.
- A importancia dos Principios Éticos que sustentan o MACP aplicados ás intervencións xerontolóxicas.
- Principios e criterios na atención integral centrada na persoa en situacións de dependencia.

#### **Módulo 4. Estratexias metodolóxicas na xestión de Centros de Día orientados ao modelo ACP. (40h)**

- Os plans personalizados de atención ou proxectos de vida.
- A Historia de vida e outros soportes: mapas, caixa de lembranzas...
- O novo rol e papel dos/as profesionais. O/a profesional de referencia.
- Os espazos ambientais.
- Actividades significativas desde as actividades da vida diaria.
- O valor da familia, a contorna e estratexias de traballo.

#### **Módulo 5. Avaliación e boas prácticas na atención xerontolóxica desde a ACP nos centros. (30h)**

- Ferramentas de avaliación e BB.PP.

## **4. PERSOAS DESTINATARIAS**

Profesionais de traballo social colexiados, precolexiados ou en situación de desemprego. En particular, aqueles que desexen recibir formación específica en centros de día de atención a persoas en situación de dependencia.

## **5. CALENDARIO**

Desde o 2 de maio ao 31 de xullo de 2023.

A formación contará con 4 sesións de videoconferencia, que se celebrarán nas seguintes datas:

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	11/05/2023	18.00-20.00
Sesión 2	08/06/2023	18.00-20.00
Sesión 3	06/07/2023	18.00-20.00
Sesión 4	27/07/2023	18.00-20.00

## 6. METODOLOXÍA

A metodoloxía da formación estará baseada na visualización e estudo semanal de cada un dos temas anteriores, que conterán:

- 1 arquivo co temario principal do tema.
- 1 foro para respostar a un caso práctico relacionado co tema.
- 1 apartado de anexos relacionados co tema, tales coma artigos, libros, vídeos ou material complementario relacionado coa temática da unidade didáctica.
- 1 exercicio de avaliación para superar o tema.
- 1 clase virtual voluntaria

De igual maneira, a plataforma de formación tamén conterá:

- Un apartado con material audiovisual.
- Un apartado con enlaces de interese.
- Un foro xeral, para consultar cuestións xenéricas do curso.

O alumnado tamén disporá do correo-e da docente para resolver calquera dúbida que poida xurdir.

## 7. AVALIACIÓN

A avaliación constará dunha parte de carácter teórico onde trala visualización dos contidos se deberá **superar un test por cada módulo formativo** de 10 preguntas sobre a materia explicada, acertando como mínimo o 50% das mesmas. A avaliación da proba suporá un 40% da nota final.

Do mesmo xeito, haberá un **exercicio de cada módulo** no que se avaliará a adquisición práctica dos contidos expostos e que suporá un 60% da nota final.

## 8. DOCENCIA

### Susana Seoane Veiras

Grao en Traballo Social (UNED 2019).

Diplomada en Traballo Social (USC 2001-2004).

Mestrado en Xerontoloxía e Atención Centrada na Persoa (VIU 2021).

Mestrado en Dependencia e xestión de Servizos Sociais (UDC 2010).

Móveme a aprendizaxe con e para as persoas desde o acompañamento á súa identidade e dignidade. Desde que estudei a carreira de Traballo Social motivoume o potencial humano e a nivel profesional véño realizando na xestión de servizos de apoio a persoas en situación de dependencia ou con discapacidade, tanto en intervención social directa,

como na responsabilidade de coordinación dos recursos de axuda a domicilio, asistencia persoal ou centros de día.

Desde hai 18 anos veño exercendo como Traballadora Social con persoas con discapacidade, realizando docencia de diferentes cursos relacionados coa atención sociosanitaria e participando na posta en marcha, desenvolvemento e coordinación dunha empresa de axuda a domicilio.

Actualmente, desde hai 11 anos traballo en COGAMI como responsable de contrato da entidade na xestión de 9 centros de día públicos onde as funcións fundamentais son a xestión de equipos e supervisión.

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)